

## **VERDADEIRO MURO DE BERLÍN**

Xa estás baixando as cousas do faiado: se non hai sitio que se fodan os convidados. Recíbeos así para estar ben presente e no sorriso: estes son os meus dentes. Xa estás baixando as cousas, que carallo. Aí vai un día máis e máis e máis do calendario, a ver se tiveras tempo de repasar o abecedario. Sacáronche as cóxegas de pequeno pero diches vida entre morto e neno, xa estás baixando as cousas do faiado. Todos os cartaces perante os disfraces que poñas ou poñan para ti, que docemente derruba o colocón con anís, un é o verdadeiro muro de Berlín.

A vida do estudante non é a do cabaleiro andante, da realidade non se pode espertar. Resaca ás catro da tarde, a xungla está noutra parte de onde agora sacas tempo para pensar que o meu verdadeiro muro, derradeiro muro, verdadeiro muro de Berlín.

Non hai dúbidas de parvo nas escaleiras, nin compracencia nos cadros, nin alfombras persas. Os hóspedes chegan e ti estás presente, e no sorriso: estes son os meus dentes. Xa estás baixando as cousas do faiado. Todos os cartaces perante os disfraces que poñas ou poñan para ti, que docemente derruba o colocón con anís, un é o verdadeiro muro de Berlín. Todos os cartaces perante os disfraces que poñas ou poñan para ti, que docemente derruba o colocón con anís, un é o verdadeiro muro, derradeiro muro, verdadeiro muro de Berlín.

## **MIRA**

Mira: inauditos son estes animais. Amizade da túa boca. E se os meus ollos puideran ser absorbidos pola pedra, enquirlandaría os teus brazos con letra ígnea, a da sabedoría, a que relata o silencio, a que circunda o espazo.

Posíbel era para ti entrar no lapislázuli e resolver a lágrima, a álgebra, os oasis. Pero podente brotou a raíz da miña forza nas searas e a luz nos copelos das sabenzas. É un prado esmaltado de cabalos. Fuso do alén. Roca.

Dilles cando pregunten que contiven o poema, que descalza portei o ramo, que detiven os meus versos na elocuencia dun perfume. Fortuna: beber a perfección do teu regazo, docísimo espello. E o teu rostro que aventa primaveras. É unha cama sementada de mapoulas, toda ela. De mapoulas.

## TANGO DO SINTASOL

A pena cría no retrete  
onde fuxo pra non verte.  
Miro os sonhos proxectados  
nos meus tenis gastados  
sobre o sintasol.  
Os nenos choran na cociña  
pero o peixe non ten espiñas.  
Ti dislles que son necesarios  
o fósforo e o calcio  
en perfecto español.

Estasme a quentar a cabeza  
e estasme a enfriar o corazón.  
Non, nunca será así  
(polo menos para min)  
o amor.  
Eu quixera ser un Oliveira  
pero a Maga entrou en razón.  
Non, nunca será así  
(polo menos para min)  
o amor.

E vés pra petarme na porta  
pero agora intento unha horta:  
fago os inxertos precisos  
antes de que o domingo  
nos secuestre aos Cantóns.  
A xente camiña sen presa,  
ti fálasme da hipoteca,  
da túa nai, do seu reuma,  
doutra parella que dura  
e da televisión.

Estasme a quentar a cabeza  
e estasme a enfriar o corazón.  
Non, nunca será así  
(polo menos para min)  
o amor.  
Eu quixera ser un Oliveira  
pero a Maga entrou en razón.  
Non, nunca será así  
(polo menos para min)  
o amor.

E a noite chega coma tregua  
para un cabalo e unha egua  
ou dous cabalos, dúas eguas,  
unha, dúas, catro e media  
(soñemos libres coma bestas).  
A pena cría no retrete  
onde fuxo pra non verte.  
Miro os soños proxectados  
nos meus tenis gastados  
sobre o sintasol.

## **MÓBEL-BAR**

Palabra da palabra, todos os orfos temos sitio na casa, alén é unha palabra de por aquí. Bautizo en Vistalegre, cinco oceanos mentres mollo no prebe, a lúa é unha cunca de branco no meu nariz. Auxilio, teño corazón, non lle abonda o mundo no que estou, quere ver cumes nas tetas para ascender ao amor. Auxilio, teño corazón. Auxilio, teño corazón. Auxilio, teño corazón.

Palabra da palabra, dame unha aperta pero deixa esa daga, eu son só outra palabra para ti. Queimarei os romances, a trama empeza cando saio do trance, a vida é unha guía relida sobre como cuspir. Auxilio, teño corazón, non lle abonda o mundo no que estou, faime ser un móbel-bar cando soa o reggaetón.

Palabra afiada ou palabra máis gastada, queixiño con marmelo e palabra coma espada, e digo fai, e digo fai, e digo fai e non fas nada, premo o botón do bico e sae unha dentallada.

Auxilio, teño corazón, non lle abonda o mundo no que estou, faime ser un móbel-bar cando soa o reggaetón. Auxilio, teño corazón. Auxilio, teño corazón. Auxilio, teño corazón.

*Tú me mandaste un beeper y no había conexión. Yo le dije al pincha: póngame otra canción. Y me di cuenta aquí en mi corazón que sólo había que pedir otra canción (nunca máis reggaetón).*

## **ANA E O CARACOL**

Ana coñece do mundo moi poucas cousas, sabe os moluscos, os verbos, sumar e restar. Ás veces entra unha ráfaga de aire no seu sostén e algo sóbelle (ou báixalle) todo através do seu corpo na espiña dorsal. Caracol, caracol, caracol ignorante. Nunca entenderás estas cousas, non es unha muller. E o caracol seguiu o seu camiño, seguro que tiña moito que facer. E Ana berraba moi forte de tanto pracer. E Ana berraba moi forte, ela era unha muller. Ai amor, ai amor, ai amor, ai amor, contempla aquí tantas marabillas que pon o mundo ao teu redor.

Os mariñeiros din que Ana ten a pel sensíbel, que cada herbiña lle pinta un orgasmo nas mans. Ás veces frega a súa pube unha flor vermella ou azul e algo sóbelle (ou báixalle) todo através do seu corpo na espiña dorsal. Corazón, corazón, corazón importante. Todo o que non vén nos libros e débese aprender. E o caracol seguiu o seu camiño, seguro que tiña moito que facer. E Ana berraba moi forte de tanto pracer. E Ana berraba moi forte, ela era unha muller. Ai amor, ai amor, ai amor, ai amor, contempla aquí tantas marabillas que pon o mundo ao teu redor.

## **ROCK DE SERIE B**

Este é o rock de serie B. Aínda que sexa tocamos do revés. É unha actitude, é unha forma de ser. Se estás fóra de ti dalle ao djembé.

As manchas de sangue non saen da roupa. As tripas quedan pegadas nas lousas. Non teñas medo, así son estas cousas. E que veña Antón Reixa e nos baixe a hostias.

Este é o rock de serie B. Aínda que sexa tocamos do revés. É unha actitude, é unha forma de ser. Se estás fóra de ti dalle ao djembé.

## **AFGANISTAN CANTO**

Sen que dicir, sen vida, sen sorte, sen temor pola morte, sen dor, amor, peito enchido de calor, subxectividade informe. Sen condenas, nen problemas, nen sequera un apotegma, sen entradas nen saídas e sen pertencer a Al Qaeda. Sen pretender trascendencia, sen dirixir a palabra con vehemencia, sen dirixirme a min mesmo, sen ningunha intención. Terei que demandar á miña musa por non ser un avión.

Con apraxia, ataraxia, zoofilia, coprofaxia, con sentido, sen sentido, sen contido nen razón. Sen vinganza, esperanza, confianza, sen lembranza (xénero que perdeu o seu propio ismo nun abismo de matanzas). Sen pretender trascendencia, sen dirixir a palabra con vehemencia, sen dirixirme a min mesmo, sen ningunha intención. Terei que demandar á miña musa por non ser un avión.

E sen que chorar, sen alma, sen algo nen nada, sen berrar nen máis nen menos e sen lacón con grelos. E sen nenas e sen nenos e sen kalashnikov. (Afganistán canto, levanto, zona 0 espanto. Manto de amantes, morres ti pero eu non, pero non te contentes, diamante contante e sonante: revitaliza o corpo e mente, un paso adiante, detente, mamón). Sen pretender trascendencia, sen dirixir a palabra con vehemencia, sen dirixirme a min mesmo, sen ningunha intención. Terei que demandar á miña musa por non ser un avión.

## **OURIZO**

O día brillaba como a pel dun ourizo. Pincha na pele como unha barba. E o blues dos escravos, a lágrima do home caído, incompleto, acabado, que sempre se renova en cadáver. Ourizo.

O furto das mañás que non copulamos. A pólvora nas táboas dos cadaleitos, deses que te bican con ardor de pedra nun punto do camiño no que xa non hai retorno. E as apocalipses alaranxadas dadás da-da-da-da (así ladraban as cinzas da Pantera Rosa). De México a California, un chute de herba luísa. E é problemático estar aquí. E penso que é o paradiso.

O día brillaba como a pel dun ourizo.